

i Que

Nº 15 - XUÑO 2007

pasada !

ESPECIAL 25 ANIVERSARIO

C.E.I.P. Viñagrande-Deiro

Vilanova de Arousa

MARÍA MARIÑO CAROU

(Noia 1907- Parada do Caurel 1967)



(Debuxo de Laura Fontenla Rodríguez, 6º Nivel)

A R.A.G. destacou que a obra de María "está marcada polas circunstancias vitais que a rodearon, de tal xeito que a súa condición de muller e a pertenza á clase humilde, fixeron que o acceso á cultura fose francamente difícil. A súa poesía inspírase na tradición popular onde non é allea a inevitable presenza de Rosalía de Castro e enriquecese coa intimidade profunda dunha muller madura".

25 ANIVERSARIO

Hai vintecinco anos comezaba a súa andaina o CEIP de Viñagrande-Deiro, malia ser maior de idade dende hai xa algún tempo, o seu espírito renóvase cada novo curso grazas á incorporación dos cativos que un bo día chegan ao colexio e enchen coas súas voces, cos seus sorrisos e coa súa inxenuidade, unhas aulas adormecidas durante o verán.

Sen dúbida notamos os cambios que ao longo de vintecinco anos experimentou a sociedade na que vivimos: cambio de valores, incorporación de novas tecnoloxías (ordenadores, etc.), aparición de grandes áreas comerciais que invitan a consumir.....seguro que a cada unha e a cada un de vós, se vos ocorren unha morea de cambios máis, xa que habelos hainos. Ante esta transformación (desexada ou non) da sociedade, é evidente que a escola tamén cambia, xa que a escola está viva, e adáptase aos novos tempos preparando as nenas e nenos a ser cidadás e cidadáns responsables, capaces de valerse por si mesmos e capaces de adaptarse ás esixencias e necesidades dos novos tempos.

O noso colexio é igual que os demais, e polo tanto experimenta os cambios que experimentan tódolos colexios; sen embargo, a súa esencia permanece intacta pase o tempo que pase, e esa esencia consiste en abrir as mentes infantís que chegan a nós, a un mundo cheo de maxia no que sen movernos das aulas sexamos capaces de viaxar a calquera país do noso planeta, convertirnos en personaxes de épocas pasadas ou aínda por vir, convertir esas mentes en mentes que valoren aos demais polos seus coñecementos e non polas súas posesións, mentes que queren saber, que preguntan e, como non! mentes que cuestionan.

Non é un traballo doado e, se cadra, os resultados non se ven tan axiña como nos gustaría; e iso é o que fai que sexa un traballo especial, que precisa da colaboración das familias, dun traballo en equipo e dun diálogo constante.

Unha mostra de que algo bo estamos a conseguir, é a revista que tódolos anos, as nenas e nenos do colexio fan posible editar e na que podemos ver que a calidade dos traballos se corresponde co desexo de formar mentes capaces de facer grandes e boas cousas.

Rematamos xa, agradecendo ás familias do noso colexio e a toda a comunidade educativa con el relacionada, a súa axuda, colaboración e ánimos para seguir adiante. Esperamos que disfrutedes con este número especial de QUE PASADA! no que ides poder ler traballos dos distintos números editados desde o principio ata agora.

Un cordial saúdo

Facendo memoria

Neste vintecinco aniversario, convén facer memoria de como se acadou a construción deste centro de ensino.

Naquelas datas os nenos e nenas de San Miguel cursaban preescolar e a maior parte do primeiro ciclo de E.X.B (de primeiro a cuarto) nos colexios da Prixela e de Pantrigueira, e quinto curso máis o segundo ciclo no centro de Corón.

Un grupo de veciños (ou a Asociación de Veciños de San Miguel) encabezados por Miguel Varela Nogueira, Santiago Tirado Serén, Emiliano Radio (cura párroco), Antonio Juncal Portas, Luís Piñeiro Viñas, entre outros; enterados de que se pretendía ampliar o colexio de Corón por falla de capacidade para acoller a todo o alumnado que alí cursaba o segundo ciclo de E.X.B, puxéronse en marcha para esixir diante da Delegación de Educación que dita ampliación se fixese en San Miguel, que era onde estaban os rapaces/zas evitando así o desprazamento d@s mesm@s e aforrando os custos e riscos que iso supoñía.

Foi unha tarefa dura e complicada, pois a Delegación non estaba pola labor. Pero os pais dos nen@s para presionar tomaron a decisión de non enviar @s seus-súas fill@s a Corón no curso seguinte, e buscaron locais na parroquia, que @s veciñ@s ofreceron gratuitamente para impartir clase. Daquela fixose unha aula no salón parroquial no baixo da casa do cura (onde se impartiu 3º de E.X.B), outro local foi o actual Bar Laya (onde acudiron @s nen@s de 4º de E.X.B) e por último na casa de José Piñeiro Viñas (aquí estibemos 5º de E.X.B). @s nen@s de preescolar, 1º e 2º E.X.B estiveron repartid@s entre a Prixela e a Pantrigueira; 6º, 7º e 8º por compartir profesorado instalouse no Colexio da Prixela.

Ante esta actitude a Delegación pediu que se lle proporcionaran os terreos para construír o colexio. Despois de desafectar os actuais terreos e poñelos a disposición da Delegación de Educación, esta designou un colexio para o Concello de Vilanova de Arousa, pero non especificou onde tiña que ser ubicado. Isto motivou que os veciños de Vilanova pediran que se fixera no casco Urbano, posiblemente porque tamén o necesitaban. A pesar de que eles non tiñan terreo para tal fin, conseguiron en pouco tempo que se fixese o recheo e polo tanto dispoñer de ubicación para o colexio.

Entón comeza de novo a loita para ver onde se ía a ubicar o novo colexio. Despois de moitas xestións e innumerables reunións, ofrecéronnos a ampliación de catro unidades máis, para completar todo o ensino de E.X.B. en San Miguel. Pero gracias a tenacidade de D. Santiago Tirado e algúns máis, chegouse a conclusión de que: "O colexio é noso por dereito, e polo tanto, ou todo ou nada", frase que recordan aínda hoxe os participantes na derradeira xuntanza, co entón alcalde, na casa de Manuel Freijóo.

E iso motivou que a Delegación se vira na obriga de construír dous colexios, un en Vilanova e outro en San Miguel, o actual C.P.I. Viñagrande-Deiro.

A negativa dos pais e nais a enviar @s seus/súas fill@s a Corón, explica que o noso centro fose inaugurado despois do Nadal coas obras sen rematar.

O que aquí se conta forma parte da memoria dos nosos pais e nais, é a grandes rasgos o que meu pai me contou, xa que non atopei documentación para pormenorizar máis. Quedan no tinteiro moitos nomes propios, moitos detalles e algunhas precisións que deseguro saberedes desculpar.

Algúns xa falecidos, outros acompañan a diario @s seus netos e netas a este centro. A todos os que loitaron polo Colexio Viñagrande-Deiro: GRAZAS.

Marta Juncal (antiga alumna)

Somos os máis noviños do colexio, só temos 3 anos e debuxámonos así:



BRAIS FEIJOO



AINHOA



CRISTINA



ANTÍA



YAGO



AROA



BRAIS NOGUEIRA



Nacín en Noia hai cen anos.
Filomena, a miña nai, cosía
polas casas e Xosé, o meu
pai, era zapateiro.

Deixei a escola sendo aínda
moi nova para aprender o
oficio de costureira, como
miña nai.

A miúdo ía coa miña tía que
traballaba de cociñeira no
pazo das Torres de Goiáns.
Non era que me gustara a
cociña; o que
verdadeiramente me
interesaba eran os libros da
súa magnífica biblioteca.

Casei en Boiro con
Roberto, o mestre da
escola, co que
compartín compañía e
traballo no País Vasco,
Romeor, Parada...

Aquí, en Parada do Courel,
tiven ocasión de
relacionarme con Manuel
María, García Sabell...
pero máis, máis con Uxío
Novoneyra que foi o meu
asesor literario, animando
e louvando os meus
melancólicos poemas.

Poemas que comezo
tardiamente, para
dar saída aos meus
sentimentos de
tristura: morreume
o meu único fillo, a
miña nai, meus
irmáns

...e os críticos han dicir das
miñas escritas que é "a obra
dunha inusitada voz de
muller popular galaica,
 creadora dun mesto mundo
mariñán... cunha linguaxe
rupturista.

A verdade é que escribía co
corazón, sen as normas
propias que rezan para as
composicións poéticas.



MARÍA
MARIÑO

O meu pobo

O meu pobo
Cheo de camiños e casas,
Montes e eiras,
Que na primavera florecen
como prados;
No verán, as praias
énchense de felicidade;
No outono, caen as fermosas
follas dos bosques,
E no inverno,
o frío conxela os viñedos...

Noelia

No meu pobo

O meu pobo é moi tranquilo;
Cando me levanto
Non hai ningún ruído,
Só o dos paxariños
E dos cans a ladrar.

Dende a miña ventá,
Vexo as árbores moverse co
vento,
O sol escondéndose polas
nubes...
Tamén á xente ir á misa
Moi abrigada polo frío.

¡GÚSTAME MOITO VIVIR
NO MEU POBO!!

Alba

Salta

Salta, salta
Saltarina...
Bata, rebota
icóllea!
Pling, plang
Saltarina
Salta, salta.

Tais

Un día meu

Ao levantarse
E abrir as pálpebras
E abrir a luz
Amarilla do sol,
E a miña nai,
Chamándome para ir ao
colexio
Onde se traballa moi duro
E hai clases
Polos lados do pasillo.

Sergio

No meu universo

No meu universo
Todó é como eu penso,
Existen as fadas
E tamén as estradas.

O meu universo é unha bola,
Feita de gominola,
Os peluches bailan e cantan
E ademais fan o que lle
mandan.

Nos hoteis
Págase con pasteis
E nos bares
Cón calamares.

As hamburguesas
Son de gatas siamesas
E os bistés
De pés.

Pódeste tirar por unha
pendente
Pero... todo isto,
só está na miña mente.

Laura Fontenla

O meu parque

O meu parque,
Un parque sen ruidos,
Con preciosas noceiras,
Uns bambáns ben púlidos
E moitas mazanceiras.

O meu parque,
Co seu río de auga doce,
Coas súas papeleiras,
Os seus bos olores
E as escaleiras.

Rubén

Na miña casa

Na miña casa,
Grande,
Con tres pisos,
Baixamos e subimos sen
parar
Cansos de subir e baixar
tantas escaleiras,
Cansa, cansa e cansa...

Laura Millán

O meu mundo

O meu mundo maravilloso
Sen guerras,
Sen diferencias
entre as distintas etnias,
A auga limpa,
O prado verde.

O meu mundo,
Sen riqueza nin pobreza,
Non hai sede nin fame,
Nin tampouco tristeza.

Fran

Ano 1993



PEREGRINAXE A SANTIAGO

En Marzo do corrente ano un grupo de peregrinos atalvados da nosa parroquia decidiu gañalo Xubileo.

¡Esta xente de San Miguel que non é rapaz de un ó "Rejo", e queren ir ó Xacobeo!

En fin saímos o 19 de Marzo ás seis e media da tarde. Levabamos a Cruz Vermella, bocadillos, bebida, etc...

¡Di meu pé! ¡Di meu xacobeo! Eran as frases que se repetían e animaban o longo da caminata. Tamén ían con nos os "Emochus". Un grupo de rapazas que, de tanto cantar, foron de "canto" por unha toxerica abaixo. ¡Que mala sorte! ¡Cea de toxos que había alí!

Sobre as sete da mañá do día seguinte chegaban a Prata do Obradoiro os primeiros peregrinos. Os últimos debían de andar polo camiño procurando ameixas.


Esta foi, según din os vellos, a 1ª peregrinación a pé.

Año 1994

A COMPARSAS → 93-94

1º

Somolos varrendeiros - eiros
con gañas de traballar - ar
varros, limpa-lo colexio - exio
dun lixo moi especial



2º

Esperemos que riades - ades
e non o tomades a mal - al
pois estamos no antroído - oído
e todo el carnaval.

ESTREBILLO

Carnaval, carnaval
que bonito é o antroído
cada quen co seu disfrax
rise ata do compañeiro



3º

O primeiro que varremos - emos
e a barba de Don Miguel - el
haber si así perde o xenio - enio
e ri un pouco tamén.

4º

doxo seguimos limpando - ando
o mestre Don Ramiro - ón
que sempre ven manchado - ado
de xiz ata o pantalón.

ESTREBILLO



5^o

O mestre Don Carlos -abs
 imos põe-lo a correr -er
 e don escobazo -azo,
 põelo sempre de pé

6^o

Δ profesora Dora d'Anvela -ela
 vamos darlle unha vasoira -oira
 para que poña a data -ata
 e non nos dea a lata.

ESTREBILLO

7^o

Δ profesora Dora Clara -ara
 mandanos a nos traballar -ar
 vamos darlles ons vaso^orazos -azos
 e põela a coxear

8^o

Δ profesora de Ingles -es
 mandanos limpabos pes -es
 pero ela nunca os limpa -limpa
 por que ver non Renault Express.

ESTREBILLO

9^o

Δ mestre de Sociais -ais
 non fai máis que nos dicir -ir
 non faledes non faledes -edes
 para poder correxir

10^o

O fillo de Don Ramón -on
 chámase Ramonzeín -ín
 e o que máis lle gusta -gusta
 é tocar o violín.

ESTREBILLO

Eva Abgado

Mosita de PRío

